

NOVOS CINEMAS. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra
BASES DE PARTICIPACIÓN. Edición 11 | 08-13 de decembro de 2026

NOVOS CINEMAS. FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE PONTEVEDRA
celebrarase na cidade de Pontevedra, Galicia (España), do **8 ao 13 de decembro do 2026**, e ten como principal obxectivo detectar e difundir o talento cinematográfico de cineastas emerxentes, poñendo especial énfase no cinema de carácter autoral.

ADMISIÓN DOS FILMES A CONCURSO

O festival contará con tres seccións competitivas de ámbito internacional que priorizarán aqueles filmes cuxa exhibición implique a súa estrea en España ou en Galicia.

Competición de longametraxes

Dúas seccións conformarán dita competición. A **Sección Oficial**, que aspira a promover o cinema máis heterodoxo e arriscado, e **Latexos**, destinada a visibilizar producións máis modestas e de factura máis fráxil e íntima.

Sen distinción xenérica previa (ficción, non ficción, animación, experimental), poderán inscribirse todas aquelas **longametraxes** (≥ 60 minutos) que supoñan a **primeira ou segunda obra das súas realizadoras/es**.

Condicións de admisión

Serán admitidos **traballos producidos, ou cuxa estrea mundial tivese lugar, despois do 1 de xaneiro de 2026** e que non fosen estreados comercialmente en España nin exhibidos en circuitos de televisión públicos ou privados no momento da súa inscrición a concurso*.

Período de admisión

O período de admisión de longametraxes estenderase do **6 de abril ao 1 de setembro de 2026**.

INSCRICIÓN

1. Os filmes inscritos poderán ser incluídos en calquera das seccións deseñadas polo festival.
2. A inscrición é gratuíta e realizarase unicamente mediante o cumprimento da Ficha de Inscrición Online, na que se proporcionará un **enlace privado** do filme co seu correspondente contrasinal de visionado.
3. Para o seu visionado, os filmes deberán estar **subtitulados en español ou inglés**, sempre que o seu idioma orixinal non sexa galego, español ou inglés.
4. A organización do festival informará, vía e-mail, ás persoas que inscribiron os filmes, que as obras foron seleccionadas.
5. Novos Cinemas priorizará aquelas longametraxes e curtametraxes cuxa exhibición comporte

NOVOS CINEMAS. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra
BASES DE PARTICIPACIÓN. Edición 11 | 08-13 de decembro de 2026

a súa estrea en España ou en Galicia.

**Se o deseño da programación o precisase, Novos Cinemas resérvase o dereito de establecer excepcións a estas normas.*

PREMIOS e XURADOS

O festival NOVOS CINEMAS concederá cinco premios:

- 1.** Un Xurado Internacional outorgará o **Premio NOVOS CINEMAS** á mellor longametraxe da Sección Oficial, cunha dotación económica de 3.000€. Este importe repartirase entre o/a produtor/ra e o/a realizador/a do filme.
- 2.** Tres estudantes do campus de Pontevedra (Uvigo), previamente seleccionados pola organización del festival, outorgarán o **Premio XURADO NOVO** á mellor dirección da Sección Oficial.
- 3.** Un xurado composto por profesionais da crítica cinematográfica outorgará o **Premio da CRÍTICA** á mellor longametraxe da competición.
- 4.** Grazas á colaboración da Cooperativa NUMAX, de DUPLEX Cinema, da Cooperativa Zumzeig, do Círculo de Belas Artes e de CineCiutat, outorgarase o **Premio LATEXOS** a unha película desta sección. O galardón supón a exhibición comercial da longametraxe premiada na sala NUMAX (Santiago de Compostela), en DUPLEX Cinema (Ferrol), no Círculo de Bellas Artes (Madrid), en Zumzeig (Barcelona) e en CineCiutat (Palma de Mallorca), ademais dunha dotación económica de 500 € para o/a director/a da película premiada. O obxectivo desta axuda é que o/a cineasta poida sufragar os gastos de desprazamento inherentes á presentación do seu filme nestas salas.
- 5.** Mediante a participación e o concurso dos espectadores/as (media ponderada de votacións e asistentes), outorgarase o **Premio do PÚBLICO**.

A decisión dos xurados será inapelable.

ENVÍO DOS FILMES PARA A SÚA EXHIBICIÓN

No caso de que as obras fosen seleccionados para participar no festival, quen inscriba o filme deberá ter en conta que:

- 1.** Os gastos de envío e devolución das copias das longametraxes serán compartidos entre o festival e os representantes do filme seleccionado. Preferentemente, NOVOS CINEMAS farase cargo dos gastos de envío da copia á sede do festival; a devolución ou retorno dos filmes ao seu lugar de orixe ou a calquera outro lugar correrá a cargo dos/as seus/súas titulares e/ou representantes.
- 2.** NOVOS CINEMAS aceptará os seguintes formatos de exhibición: dcp ou arquivo dixital (ProRes, MP4, MOV, 1080p). Se así o considerase, a organización do festival aceptará

NOVOS CINEMAS. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra
BASES DE PARTICIPACIÓN. Edición 11 | 08-13 de decembro de 2026

formatos analóxicos (35mm., 16mm.), domésticos (Blu-ray) ou aqueles que considere pertinentes.

- 3.** Se a lingua orixinal do filme non é o inglés, este deberá conter subtítulos nesta lingua.
- 4.** Co obxectivo de levar a cabo un óptimo proceso de promoción, NOVOS CINEMAS solicitará o envío do material necesario para a elaboración do catálogo do festival, así como diferentes labores de promoción das actividades (prensa escrita, web, redes sociais, etc.). Ao formalizar a inscrición, quen inscribe ou represente legalmente ao filme comprométese á cesión dos dereitos de exhibición destes materiais promocionais a todos aqueles medios de comunicación audiovisual que o equipo de NOVOS CINEMAS considere.
- 5.** As copias para exhibición e toda aquela documentación de difusión que os representantes consideren relevantes, deberán ser remitidos antes do día **2 de novembro de 2026**.
- 6.** No caso das películas galardoadas, NOVOS CINEMAS resérvase o dereito de realizar novas exhibicións de devanditos filmes (ata un máximo de 2) con fins promocionais e sempre previa notificación aos/ás representantes legais das longametraxes.

ACEPTACIÓN DAS BASES e CESIÓN DE DEREITOS

A inscrición no festival implica a aceptación e cumprimento destes requisitos e comporta que quen inscribe e/ou representa legalmente ao filme autoriza a NOVOS CINEMAS a exhibilo publicamente.

Unha vez aceptada a invitación a participar no festival, o filme non poderá ser retirado da competición.

A organización de NOVOS CINEMAS resérvase o dereito de facer excepcións puntuais a estas bases por causa de forza maior.

Para calquera outra información: info@novoscinemas.com